

Algúns comentarios sobre a traducción nos Organismos Internacionais

Esther Sánchez Rodríguez
Universidade de Vigo

Nun mundo laboral tendente á subcontratación, os tradutores e tradutoras, ó igual que moitos outros profesionais liberais, están a desaparecer pouco a pouco das plantillas das empresas. Hoxe en día, a maioría traballa pola súa conta e as organizacións coma a ONU son, xunto con outras institucións oficiais e coas grandes multinacionais, uns dos poucos lugares nos que un tradutor pode aspirar a ser contratado, xa sexa de forma permanente ou temporal. O propósito destas liñas é achega-lo lector un pouco a un mundo idealizado, aínda que bastante descoñecido: o da traducción nos organismos internacionais.

A traducción xeral fronte a traducción nos organismos internacionais

Gustaríanos salientar, para comezar, algúns factores que distinguen claramente o labor do tradutor que traballa pola súa conta ou para unha empresa, da actividade do profesional que traduce para un organismo internacional.

En primeiro lugar, os textos que traduce un tradutor independente adoitan encargarse con fins informativos (cartas, folletos, certificados, instrucións de uso); polo xeral, a versión traducida non se publica xunto co orixinal. Sen embargo, nas organizacións a miúdo se traducen documentos de traballo que serven de base para a elaboración de regulamentos, convenios, tratados, etc. Nunha reunión traballárase simultaneamente co texto orixinal e coas respectivas traducións; de aí que se confira especial importancia á exac-

1. E incluso cando isto sucede (no caso, por exemplo, das instrucións de uso que a miúdo son plurilingües) é pouco probable que alguén se adique a comparar as distintas versións.

VICEVERSA 1 (1995) 199-207

199

titude. Ademais, o tradutor terá menos liberdade para facer certos cambios, como por exemplo substituír un punto e seguido por un punto e á parte; é dicir, non pode cambiar a estrutura dos parágrafos. No *Manual de Instrucións para los tradutores* das Nacións Unidas, especificábase que:

"La traducción documental requiere, mucho más que la traducción literaria, un paralelismo formal que no tiene por qué llegar nunca a degradarse en una mera traslación palabra por palabra, pero que puede ser muy estricto atendiendo a las características del documento. Por ello, es indispensable que se tengan en cuenta las distintas funciones que pueden cumplir los documentos: el fin para el que han sido escritos y el uso que de ellos van a hacer sus destinatarios.

En efecto, cuando un documento va a ser objeto de debate párrafo por párrafo o artículo por artículo, es decir, cuando se trata de un documento que será aprobado por un órgano deliberante, es conveniente que el paralelismo llegue al máximo compatible con la decencia de la sintaxis propia y la pureza semántica. Las razones son obvias: si nos apartamos del paralelismo semántico introducimos nuevos elementos susceptibles de ampliar el debate con la consiguiente pérdida de tiempo; si introducimos lejanas variantes sintácticas —acaso justificadas desde un punto de vista estilístico— dificultamos la labor de posible entienda a que suelen estar sujetos estos documentos. En ambos casos, se entorpece el trabajo de la Organización y, en definitiva, se aumentan los costos de las reuniones.

En cambio, si nos encontramos frente a un documento de carácter informativo, relativamente voluminoso, nada impide que, respetando la forma más general [...] introduzcamos cambios en la puntuación que hagan más legible la traducción". (cap. I, p. 2)

Por outra banda, no mercado privado a persoa que solicita a traducción normalmente non entende a lingua fonte e encarga a traducción precisamente para poder compreñe-lo documento, ou ben descoñece a lingua meta (quere transferir un documento redactado por ela a outro idioma). En calquera caso, o tradutor non poderá contar con esta persoa para solicitarlle información. En cambio, nunha organización internacional a persoa que solicita a traducción con frecuencia coñece ámbolos dous idiomas e pode axudarlle coa terminoloxía e incluso verifica-la traducción. Ademais, o tradutor que traballa por conta propia non obtén unha avaliación do seu traballo —salvo se a traducción é un verdadeiro desastre e que, polo tanto, non lla paguen—; por conseguinte, é moi probable que siga incorrendo nos mesmos erros. Nas institucións, sen embargo, revísanse tódalas traducións; o tradutor ten ocasión de consulta-las correccións e goza, de certo modo, dunha formación continua.

Escóitase falar moitas veces da soledade do tradutor; ó meu ver, non se trata de ningún tópico no caso do *free-lance*, aínda que existe unha tendencia, moi saudable, a facer traducións en grupos. Agora ben, nos organismos internacionais as traducións son un verdadeiro traballo de equipo, xa que

interveñen varias persoas no proceso, como veremos máis adiante. Ademais, o tradutor pode consultar ós seus compañeiros, ós revisores, a especialistas, etc., mentres que o que traballa pola súa conta moitas veces ten dificultades para se documentar e pode perder moito tempo en tarefas que non están directamente relacionadas coa traducción (solucionar problemas de maquetación, chamar a clientes, facer facturas, etc.).

Pódese observar asemade que a liberdade da que goza un tradutor con respecto ó uso de terminoloxía é susceptible de variar en función do lugar de traballo. A diferenza de quen ofrece os seus servizos a unha empresa ou unha axencia, o tradutor dun organismo internacional, ademais de respectar as restricións propias da traducción documental, ha de se cingir ó "vocabulario da casa". Así, no seo do GATT cómpre respectar as denominacións recollidas no Sistema Armonizado e dicir, por exemplo, "vehículo automóbil" e non sinxelamente "coche" ou "automóvil" (xa abordaremos máis adiante a cuestión da terminoloxía).

Como última diferenza poderíamos dicir que o tradutor *free-lance* pode verse obrigado ás veces a facer traducións inversas, é dicir, a traducir a un idioma que non sexa a súa lingua nai (o que Newmark chama "traducción de servizo"²); isto nunca ocorre nos organismos.

Tras esta pequena comparanza, salta á vista que o tradutor dun organismo internacional traballa en condicións óptimas, sobre todo se se trata dun tradutor de plantilla, xa que, como salienta Vázquez Ayora, "el traductor que pertenece a la organización [internacional] posee mejor situación que el traductor temporero. El conocimiento íntimo del funcionamiento interno, de la labor que se realiza, de los objetivos y de los medios con que cuenta la organización; el conocimiento del giro que toman diariamente los acontecimientos en todos los aspectos que afectan a los propósitos del organismo, le dan esa prioridad de situación que no puede poseer el que llega de fuera"³.

Fases que atravesamos unha traducción nun organismo internacional

Diciamos antes que nos organismos internacionais a traducción é un verdadeiro traballo de equipo; vexamos pois por que fases pasa un texto antes de ser publicado na lingua meta. En primeiro lugar, o servizo de documentación e de referencias analiza o texto e axunta o material que se cita no mesmo, así coma outros documentos que, polo seu formato, poidan servir de modelo (actas resumidas⁴, informes técnicos, recomendacións, determinados

2. Newmark, P. (1993), p. 91.

3. Vázquez-Ayora, G. (1977), p. 149.

4. No caso das actas, por exemplo, o tradutor, ó ter diante outros documentos do mesmo formato darase de conta de que aínda que en inglés están redactadas en pasado, en castelán han de ir sempre en presente.

tipos de cartas, etc.). De modo que pode darse o caso de que se reciba unha tradución dunhas poucas páxinas cunha grande pia de material de referencia. Acto seguido, o traductor elabora a primeira versión.

Convén sinalar aquí que nas Nacións Unidas e nos organismos especializados (FAO, OMS, UIT...) se traballa con dictáfono; é dicir, o traductor non escribe, senón que dicta a primeira versión. O dictar, cómpre mencionar todos os signos de puntuación, especificar se algo vai con maiúscula inicial, deletrear palabras complexas (o nome dun delegado finlandés, por exemplo) e proporcionar toda a información tipográfica que proceda: sangría, negriñas, sublinados, cursivas, etc. Despois, entrégase a cinta ó servizo de mecanografía. Unha vez transcrito, o texto é devolto ó traductor e este encárgase de introducir a man tódalas correccións que estimara necesarias, empregando os signos convencionais utilizados na corrección de probas (que se poden atopar, por exemplo, no *Libro de Estilo* de El País). Ademais, irá sinalando á marxe as fontes consultadas, a signatura do documento no que aparece unha frase citada no texto, etc. Cando o traductor ten elaborada a súa versión final, o documento pasa ás mans do revisor, quen ten por cometido unificar, cando se dea o caso, os textos que se repartiran entre varios tradutores e corrixi-la versión final; neste senso, o revisor fai as veces dun corrector de estilo. Despois, remítense as follas mecanografiadas con tódalas correccións ó servizo de mecanografía e alí xa se pasa a elaborar unha versión lista para a imprenta. Cando se trate de documentos destinados á publicación (revistas, etc.), estes pasarán tamén polas mans do editor, quen, á súa vez, poderá introducir algúns cambios. A tradución atravesará pois alomenos seis etapas diferentes. Ademais, o traductor dispón dun medio laboral idóneo para se documentar, consultar a especialistas e intercambiar información cos seus compañeiros.

A terminoloxía

Xa mencionamos antes que os tradutores que traballan por conta propia teñen máis liberdade no referente á terminoloxía e que os que traducen para unha organización internacional han de se facer coa "linguaxe da casa". En efecto, cada organismo ten os seus propios glosarios⁵; estes adoitan estar á venda, aínda que ás veces se trata de "documentos de uso interno" (como ocorre, por exemplo, co glosario da Organización Mundial da Saúde). Cabe sinalar aquí que un dos organismos máis prolixos en glosarios de todo tipo é, sen dúbida, a FAO (Organización das Nacións Unidas para a Agricultura e a Alimentación).

Ó dicir "linguaxe da casa" non nos estamos a referir únicamente ós ter-

5. Véxase a lista de glosarios anexa.

mos técnicos -e, neste senso, unha das organizacións máis ricas en terminoloxía é a Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT)-, senon tamén a pequenas "manías da casa". Así, por exemplo, a ninguén se lle ocorrería traducir na OMS *pesticide* (ingl.) por *pesticida* (esp.), pois o termo acuñado por esta organización é *plaguicida*⁶. Outro exemplo: unha traductora comentou nunha ocasión que, nos tres anos que levaba traballando na Organización Marítima Internacional (OMI), xamais tropezara coa palabra *barco*; si con *buque*, *navío*, *embarcación*, pero xamais con *barco*...

Ademais da terminoloxía propia de cada organismo, existe tamén unha especie de "xerga internacional", proba disto é a existencia do *Glosario Internacional para el Traductor* de Marina Orellana. O "español internacional" abarca:

1. Os *nomes dos organismos* (p. ex.: GATT ou General Agreement on Trade and Tariffs = GATT ou Acuerdo General de Aranceles Aduaneros y Comercio; EFTA ou European Free-Trade Association = AELC ou Asociación Europea de Libre Comercio⁷), así como os *organismos que os integran* (p. ex.: UNICEF Executive Board = Junta Ejecutiva del UNICEF), os *programas que elaboran* (p. ex.: [OMS] "Health for All By The Year 2000" = "Salud para Todos en el Año 2000"; [ONU] UNEP ou United Nations Environment Programme = PNUMA o Programa de las Naciones Unidas para el Medio Ambiente), os *acordos alcanzados* (p. ex.: [GATT] Agreement on Government Procurement = Acuerdo sobre Compras del Sector Público), etc.

2. *Vocabulario específico de cada organismo*, que comprende non só tecnicismos, senón tamén palabras de uso corrente (p. ex.: [OIT] *freelancer* = trabador independente); as organizacións adoitan respectar mutuamente os termos rexistrados nos distintos glosarios.

3. Os *nomes dos países*⁸; hai países que se designan doutra maneira na prensa española, seguindo a denominación máis empregada no mundo his-

6. De agora en diante pasamos a cita-los exemplos en inglés e castelán, que xunto co francés e o ruso e o chinés, son as linguas de traballo empregadas no sistema das Nacións Unidas.

7. Nótese que, de feito, o correcto realmente é dicir *plaguicida*, xa que *pest* en inglés emprégase para designar organismos vexetais e animais (fungos, insectos, etc.) que causan a destrución das plantas (e os pesticidas -ou plaguicidas- empréganse para combater as pragas provocadas por estes microbios e non unha enfermidade chamada *peste*).

8. Obsérvase que na prensa española normalmente se empregan as siglas inglesas; de feito, o *Libro de Estilo* de El País non recolle unhas siglas que correspondan ó nome español. Antes, esta organización chamábase "Asociación Europea de Libre Intercambio", ou AELI (esta denominación aínda aparece no *Manual de Español Urgente* da Axencia EFE). O traductor ten que se manter o tanto deste tipo de cambios terminolóxicos.

9. Cada organismo adoita ter un listado onde figuran os nomes de tódolos países e as súas capitais; a FAO publica un glosario especial que recolle tamén os xentilicios (*Names of countries and their capital cities, including adjectives of nationality and currency units*. IN, FR, ES (Terminology Bulletin: GIP/TB/20).

panofalante. Así por exemplo, nos organismos internacionais dise *Nueva Zelandia* en lugar de *Nueva Zelanda*¹⁰ e *Arabia Saudita* en lugar de *Arabia Saudí*¹¹, que é a denominación máis estendida na prensa española. Tamén hai moitos países que van precedidos de artigo e que no español peninsular adoitan designarse sen el (p. ex.: *el Brasil*, *el Canadá*, *los Estados Unidos*, *el Perú*). Aquí conviría indicar así mesmo que algunhas rexións tamén reciben outra denominación que na prensa española: *Europa del Este* pasa a ser *Europa Oriental* e o *Sudeste Asiático* conviñese en *Asia Sudoriental*.

4. Unha *linguaxe neutra* que se poida entender en todo o mundo de fala hispana, desprovista de rexionalismos e localismos; o traductor español ten que ser consciente de que existen certas palabras que un latinoamericano non entendería ou interpretaría mal. Trátase de evita-los xiros propios do español peninsular, do mesmo xeito que tamén se evitan os arxentinismos, chilenismos, colombianismos, etc. Polo tanto, en lugar de dicir *paro* utilizarase o termo *deseempleo*¹²; e en lugar de falar do *coste de produción*, dirase *costo de producción*. Cómpre citar aquí o *Manual de instrucciones para los traductores* da División de Traducción das Nacións Unidas (Nova York, 1985):

"El traductor de documentos de las Naciones Unidas no debe perder de vista que se dirige a un público multinacional y tiene que esforzarse por evitar usos marcadamente locales. Así, en España se traduce *national income* por *renta nacional* L. I. mientras que en América Latina la versión suele ser *ingreso nacional*. El traductor español deberá renunciar a su uso en favor del uso mayoritario. Otro tanto ocurre con *cacahúete*, *plátano* o *patata*, que deberá sustituir por *maní*, *banana* o *papa*". (cap. II, p. 2)

Permíttanos recalcar, por último, outros dous trazos do "español internacional". Hai unha serie de "palabras tabú", que o traductor terá que evitar. Así, por exemplo, non deberá falar nunca de países *tercermundistas* -ou pobres-, cando ten á súa disposición outros termos máis eufemísticos, coma *países en vías del desarrollo*, *países desfavorecidos*, *países menos avanzados*, etc. A segunda característica que nos gustaría salienta é que, nos organismos internacionais, os tradutores e revisores coidan moito o estilo e esforzándose por combater a influencia omnipresente do inglés. Este espírito refléctese claramente no *Diccionario de dificultades del inglés*, elaborado por Alfonso Torrents dels Prats¹³, traductor e intérprete das Nacións Unidas. É posible que esta

10. En España, normalmente, dise "Nueva Zelanda", e así rexistrou M^a Moliner no seu *Diccionario de uso del español*.

11. *El País* - *Libro de Estilo* (1990), p. 155.

12. En moitos países de América Latina, a palabra "paro" só ten a acepción de "interrupción do traballo nunha empresa" (tolga), acepción que por suposto tamén conserva o español peninsular.

13. Torrents dels Prats, A. (1989) (Este pequeno dicionario, así como o *Glosario internacional para el traductor* figuran, xunto cos clásicos dicionarios monolingües e bilingües, entre as obras máis consultadas polos tradutores neste tipo de organismos).

política de loita contra a contaminación lingüística ás veces roce o "purismo", pero non podemos perder de vista a inmensa responsabilidade que a este respecto recae sobre o traductor e, en xeral, sobre os que se encargan de redactar textos. A influencia que exercen outros idiomas -en particular o inglés- sobre as nosas linguas é moi grande, e os tradutores e traductoras, aínda que non deberiamos chegar ó extremo de negarnos a utilizar verbas de orixe estranxeira que xa estean integradas na lingua (nin avogar por leis drásticas coma as aprobadas hai pouco en Francia), dende logo tampouco debemos fomentar a introdución de anglicismos -nin doutro tipo de estranxeirismos- que resulten innecesarios e non aporten nada novo á lingua¹⁴.

Para resumir, poderíamos afirmar que a actividade traductora nos organismos internacionais caracterízase pola riqueza en terminoloxía -e a conseguinte obriga de utilizala-, polo feito de que se trata dun traballo de equipo no que se confire particular importancia á revisión, pola aspiración a empregar un español neutro que se entenda en todo o mundo hispanofalante e pola existencia dunha xerga internacional.

BIBLIOGRAFÍA CITADA

- ALFARO, Ricardo J. (1970), *Diccionario de Anglicismos*. Madrid, Editorial Gredos.
MARÍA MOLINER (1984), *Diccionario de uso del español*. Madrid, Editorial Gredos.
NEWMARK, Peter (1987), *Manual de Traducción*. Universidade de Santiago de Compostela (trad. F. X. Fernández Polo de A *Textbook on Translation*, London, Prentice Hall International (UK) Ltd.
ORELLANA, Marina (1990), *Glosario internacional para el traductor*. Santiago de Chile, Editorial Universitaria S.A.
TORRENTS DELS PRATS, Alfonso (1989), *Diccionario de dificultades del inglés*. Barcelona, Diccionarios Juventud, Editorial Juventud S.A.
VÁZQUEZ-AYORA, Gerardo (1977), *Introducción a la traductología. Curso histórico de traducción*. Washington, D.C., Georgetown University. School of Languages and Linguistics.
El País - *Libro de Estilo*, (1990), Ediciones El País, Madrid.

14. Ricardo Alfaro expresa moi ben esta idea no prólogo do seu *Diccionario de Anglicismos*: "Guerra despiadada al anglicismo vicioso, brazos abiertos al neologismo útil".

Manual de Español Urgente, Agencia EFE S.A., (1992), Ediciones Cátedra, Madrid.

Manual de instrucciones para los traductores, (1985), División de Traducción, Servicio Español, Naciones Unidas, Nova York.

Anexo: Glosarios publicados por organismos internacionales

(Esta lista non é exhaustiva; cómpre sinalarmos tamén que as Comunidades Europeas publican glosarios plurilingües de todo tipo. Todos eles están recollidos na *Lista de publicaciones de terminología multilingüe* editada polo Grupo Interinstitucional de Terminoloxía (doc. Sdt/211/93).

- Banco Mundial: *Glosario del Banco Mundial inglés-español/español-inglés*, Washington, 1986.
- Banco Mundial: *Borrowing and lending terminology. A World Bank Glossary*, Washington D.C., 1984.
- FAO: *Farm management glossary*, Fao (Terminology bulletin No 22), Roma, 1985; ESP, FR, ING.
- FAO: *Names of countries and their capital cities, including adjectives of nationality and currency units*. FAO, Roma (Terminology bulletin GIP:TB/20) CHI, ING, FR, ESP.
- FAO: *Choix de termes de télédiction*, Roma, 1985 (Terminology bulletin 36) ING, FR, ESP.
- FAO: *Abbreviations used by FAO for international organizations, congresses, commissions, committees, etc.*, FAO, Roma, 1983 (Terminology bulletin No 27, rev. 3) ARA, CHI, ING, FR, ESP.
- FAO: *Environment*, FAO, Roma (Terminology bulletin No 22) ING, FR, ESP, ARA.
- FAO: *Torrent control terminology*, Rome, 1981; ALE, ING, FR, ITA, ESP.
- FAO: *Terms on environment related to agriculture*. FAO, Roma, 1979 (Terminology bulletin GIP:TB/22) ARA, ING, FR, ESP.
- FAO: *Agrarian reform and rural development*, FAO, Roma, 1979 (terminology bulletin GIP:TB/35) ARA, CHI, ING, FR, ESP.
- FMI: *IMF Glossary, GB-F-E* (Fondo Monetario Internacional, Washington, 1982) ING, FR, ESP.
- GATT: *Glosario para los traductores del GATT (inglés-español)*, GATT, Xenebra, 1985.
- OACI (Org. da Aviación Civil Internacional): *ICAO Lexicon*, Montreal, 1974; ING, FR, RUS, ESP.
- OIT: *Tesoro de la Organización Internacional del Trabajo*, OIT, Xenebra, 1991; ING, FR, ESP.

—ONU: *Science and technology for development*, Nova York, 1979 (Terminology bulletin No. 315) ARA, CHI, ING, FR, RUS, ESP.

—ONU: *Lexique général anglais-français avec suppléments espagnol-français et russe-français*. Nova York, 1982; ING, FR, RUS, ESP.

—ONU: *Currency Units*, Nova York, 1984 (Terminology bulletin No. 329) ING, FR, ESP.

—ONU: *Glosario de Seguro Marítimo, inglés-español*, ONU, Xenebra, 1986

—ONU: *Glosario de Transporte Marítimo, inglés-español*, Oficina das Nacións Unidas en Xenebra, 1985 (TERM/34).

—ONU: *Glosario de términos administrativos y presupuestarios*, Nova York, 1983; ING, FR, ESP.

—ONU: *Names of countries and adjectives of nationality*, Nova York, 1984 (Terminology bulletin No. 328) ING, FR, ESP.

—ONU: *LINDP Terminology [LUNDP = PNUD (Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento)]. English-French-Spanish*. Washington, D.C., 1981.

—ONU: *United Nations functions and titles*. Nova York, 1981 (Terminology bulletin No. 319) ARA, CHI, ING, FR, RUS, ESP.

—ONU: *Organs and instruments of the United Nations*. Nova York, 1981 (Terminology bulletin No. 318) ARA, CHI, ING, FR, RUS, ESP.

—ONU: *Technical terminology employed in the standardization of geographical names*, Nova York, 1984 (Glossary No. 330) ARA, CHI, ING, FR, RUS, ESP.

—UIT: (Unión Internacional das Telecomunicacións) *Provisional glossary of terms relating to space telecommunications*. (Glos. 5), Xenebra, 1984; ING, FR, ESP.

—UIT: *Provisional glossary of telecommunication terms*, 1979; ING, FR, ESP.

—UIT: *Terms relating to the mobile services* (Glos. 3), 1982; ING, FR, ESP.

—UIT: *Administrative and Financial terms*, Xenebra, 1982.

—UNCTAD: *Thesaurus of international trade terms*. Xenebra, 1982; ING, FR, ESP.

—UNESCO: *International Glossary of Hydrogeology (technical documents in hydrology)*, Paris, 1978; ING, FR, RUS, ESP.

—UNESCO: *Glossary of educational technology terms, English-Spanish edition*, Paris, 1986 (ISBN 92-3-002436-8).